

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **9 de decembro de 2020**

Ás 17.00 horas do día 9 de decembro de 2020, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339593> remitido coa convocatoria), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a **deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á

ORDINARIA DO DÍA 18 DE NOVEMBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de novembro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 18 de novembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE AS FALTAS DE RESPECTO INSTITUCIONAL E A DERIVA DEMAGÓXICA DO GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, manifesta que reserva o seu voto para o Pleno, para examinar con detalle a moción, se ben advirte que debería facerse extensiva a todos os grupos e a todos os deputados e deputadas.

D. Bernardo Varela López, do BNG, comparte o matiz feito polo Sr. Caride de que debера estenderse a todos os corporativos, para xerar un novo clima de diálogo e consenso entre todos os grupos. Engade que se ben non existiría ningunha razón para non apoiar esta moción, cre que é conveniente lembrar que recentemente cargos do Partido Socialista de Galicia fixeron acusacións nas que comparaban ao BNG con VOX por non apoiar os orzamentos xerais do Estado, e a propia conta do Partido Socialista en redes sociais asimilaba á súa compañeira Noa Presas co partido de VOX, polas súas reclamacións contra os recortes ferroviarios en Galicia. Entende que o *fairplay* é esixible a todos os grupos e que, como é lóxico, ten que existir discrepancia, pero sempre desde o respecto.

O **presidente da comisión** indica que tamén lle parece ben a idea de que este tipo de mocións se estenda a todos os corporativos, pero xa advirte que van votar en contra da moción, por non estar de acordo con moitas das afirmacións que se fan tanto na exposición de motivos como nos propios acordos.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, lémbrolla ao BNG que isto é a Deputación de Ourense e que as referencias deben centrarse nesta institución, polo que non considera procedente poñer exemplos de fóra.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que son exemplos moi recentes todos eles, protagonizados polo Partido Socialista de Galicia con motivo da tramitación dos orzamentos xerais do Estado.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción e co voto favorable do Grupo Socialista (3), a abstención do BNG (1), de DO (1) e do Sr. Caride Domínguez, e o voto en contra do Grupo Popular (5), a comisión **NON** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense para que se desculpe e proceda á retirada inmediata de todas as expresións, insultos e decualificacións vertidas contra o PSdeG-PSOE e, nomeadamente, contra o seu portavoz.

2º.- Instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense a que deixe de utilizar de modo partidista e irrespectuoso calquera medio oficial ou canle de difusión institucional.

3º.- Instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense a que, en todo caso, rexa todas as súas actuacións públicas, dentro e fóra da institución, baseándose no estipulado

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D, Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, fai o rogo de que a próxima sesión plenaria non se realice por medios electrónicos. Pon como exemplo que el, no seu instituto, está diariamente nun aula con máis de cen persoas non conviventes; que as empresas e negocios da provincia están funcionando de forma presencial e con total normalidade, polo que non tería moito sentido que non se puidesen reunir 25 persoas no salón de plenos, con todas as medidas de seguridade. Por iso realiza o rogo de que o pleno de decembro sexa presencial.

O **presidente da comisión** toma nota do rogo e manifesta que llo trasladará á Presidencia, se ben cre que a decisión vai ser convocalo para a súa realización por medios telemáticos.

D. Bernardo Varela López, do BNG, súmase ao rogo do Partido Socialista, lembrando que no pleno de novembro a normalidade foi relativa, xa que houbo algúns problemas de conexión. Pídelle ao presidente que recapacite sobre esta convocatoria.

Pide que se lle remitan os criterios que utilizou a Deputación para o reparto de máscaras enviadas pola Subdelegación do Goberno e que repartiu a Deputación Provincial, xa que unha vez formulada esta pregunta na anterior comisión a resposta que se lle enviou era referida ás máscaras enviadas pola Xunta de Galicia.

O **presidente da comisión** indica que nos próximos días se lle enviará a resposta.

D. Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, pide que se lle remita copia do informe da Secretaría sobre a convocatoria telemática do pleno do mes de novembro.

O **presidente da comisión** indica que se remitirá.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta se hai algunha novidade en relación coa investigación xudicial polo *jaqueo* das contas da Deputación no ano 2019.

O **presidente da comisión** contesta que non existe ningunha novidade desde a última pregunta formulada sobre este asunto.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.